

A CONTABILIDADE NA EMPRESA

No ámbito da empresa é fundamental dispoñer de información co fin de tomar decisións.

O papel da contabilidade é o de recoller e cuantificar a información que se xera na empresa e comunicárllela ás persoas finais de maneira que, tras se verificada e analizada, poida influír na toma de decisións.

Existe unha normativa legal que regula os criterios de contabilidade e os documentos contables, de maneira que se garante que dita información é fiable. O marco básico da normalización contable ven establecido no **Plano xeral de Contabilidade (PXC)** aprobado no Real Decreto 1514/2007 de 16 de novembro de 2007 e o Plano Xeral de Contabilidade das PEMES e criterios contables específicos para microempresas, no Real Decreto 1515/2007 de 16 de novembro de 2007, tendo a súa entrada en vigor o 1 de xaneiro de 2008.

O Plan Xeral de Contabilidade establece os principios contables de aplicación obrigatoria, o cadro das contas, as definicións e relacións contables, as contas anuais que deben presentalas empresas e as normas de valoración que se deben aplicar.

Tipos de contabilidade:

Debido a gran cantidade de operacións que leva a cabo unha empresa e que deben ser rexistradas contablemente existen dous tipos de contabilidade:

- **Financeira:** rexistra aquelas operacións que se efectúan co exterior da empresa (como as compras aos provedores, as vendas á clientela, compras de maquinaria....).
- **De custos:** rexistra operacións que se dan no interior da empresa, como o custo de produción dun artigo determinado.

Os requisitos para unha boa información contable son que sexa:

- **Comprensible:** fácil de entender polo/a usuario/a
- **Relevante:** debe reflectir só os aspectos relevantes
- **Fiable:** exenta de erros
- **Oportuna:** débese dispoñer dela no momento en que sexa útil
- **Comparable:** debe ser uniforme no tempo e entre as diversas empresas

O CICLO CONTABLE

É o conxunto de operacións efectuadas desde que a empresa abre a contabilidade dun exercicio económico ata que a pecha e elabora o Balance, a Conta de Resultados e a Memoria (Contas Anuais) . Son as fases ou pasos que se repiten en cada período contable:

1. Balance de situación inicial: é o balance elaborado a partir do peche correspondente o exercicio anterior.
2. Apertura da contabilidade: pártese do balance de situación inicial e levase a cabo o asento de apertura creándose e quedando abertas as contas correspondentes.
3. Rexistro das operacións de exercicio: durante o ano a empresa rexistra os diferentes feitos contables que se producen.
4. Periodificación: este proceso consiste en efectuar os axustes contables precisos para que o calculado resultado só se inclúan os ingresos e gastos devengados no período.
5. Axustes previos a determinalo resultado.
6. Balance de comprobación de sumas e saldos: sirve para comprobar que non se cometeron erros formais nas anotacións efectuadas ata a data da súa realización.
7. Cálculo do resultado: ven dado pola diferenza entre os ingresos e os gastos do exercicio.
8. Peche da contabilidade: ao final do exercicio económico a empresa busca o saldo de tódalas contas.
9. Elaboración das contas anuais: Balance , Conta de perdas e ganancias, Estado de cambios no patrimonio neto e Memoria. O **balance** mostrará o patrimonio empresarial nunha data dada, ao reflexar os saldos dos distintos elementos que o integran. A conta de **perdidas e ganancias** explicará sucintamente mediante que actividades a entidade xerou rendas; o **estado de cambios** informa dos cambios habidos no patrimonio neto, e a **memoria** ocuparase de detallar e comentar a información naquelas contida.
10. Distribución do resultado: O beneficio obtido pola empresa, tralo pago do Imposto sobre Sociedades, destinarase a repartilo entre as persoas

propietarias da entidade ou a engrosar os fondos propios desta, mediante a creación de reservas.

AS MASAS PATRIMONIAIS

-O Patrimonio:

O campo onde actúa ou o obxecto material da contabilidade é o **patrimonio**. O patrimonio é o conxunto de bens, dereitos e obrigas que pertencen a unha empresa e que constitúen os medios económicos e financeiros a través dos cales a empresa pode cumprir os seus fins.

Os elementos patrimoniais son:

BENS

DEREITOS

OBRIGAS

A agrupación de elementos patrimoniais que teñan a mesma funcionalidade económica ou financeira (que sexan uniformes) constitúen as **masas patrimoniais**.

Unha primeira clasificación de masas patrimoniais é aquela que agrupa os distintos elementos que forman o patrimonio da empresa en ACTIVO, PASIVO e PATRIMONIO NETO.

A masa patrimonial **ACTIVO** agrupa aqueles elementos patrimoniais que signifiquen bens e dereitos de propiedade da empresa. Tamén chamado Capital Económico, Capital en Funcionamento ou ESTRUCTURA ECONÓMICA. Son as aplicacións dos fondos ou empregos.

- A masa patrimonial **PASIVO** agrupa aqueles elementos que signifiquen para a empresa débedas ou obrigas pendentes de pago. Tamén chamado Fontes de financiamento alleas.
- A masa patrimonial **NETO** recolle aqueles elementos que comprenden o valor dos fondos que a/o empresaria/o aporte a empresa, así como, os beneficios non distribuídos. Tamén chamado Fontes de financiamento propias.

A masa Pasivo xunto coa masa Neto constitúen a ESTRUCTURA FINANCEIRA ou a orixe dos fondos.

Unha segunda clasificación pode ser :

ACTIVO:

ACTIVO FIXO: Inmobilizado material e inmaterial

ACTIVO CIRCULANTE: Existencias, realizable (clientela) e dispoñible (caixa e bancos)

PASIVO:

PASIVO FIXO: Non exixible (neto ou capital propio) e exixible a longo prazo (débedas a longo prazo)

PASIVO CIRCULANTE: Exixible a curto prazo

Inmobilizado: conxunto de bens e dereitos adquiridos pola empresa destinados a permanecer nela dunha maneira duradeira.

Temos 2 tipos: Inmaterial: aqueles investimentos da empresa que non se materializan en bens tanxibles; e material: aqueles bens de natureza tanxible.

A maioría dos integrantes do inmovilizado perden valor ao longo do tempo.

Este feito reflíctese contablemente mediante as contas de amortización que son consideradas gasto na conta de resultados aínda que non supoñan un pagamento inmediato.

Realizable: aqueles valores que están suxeitos a un continuo proceso de renovación ligado ao ciclo produtivo e comercial da empresa.

Dispoñible: fondos líquidos para facer fronte as necesidades financeiras de tipo corrente que se orixinen como consecuencia da súa actividade.

Non esixible: recursos propios da empresa (capital e reservas). Reservas son os beneficios obtidos pola empresa que non se reparten. Hai varios tipos de reservas: legais, voluntarias, estatutarias, etc.

Esixible: valores que son débedas para a empresa. Destacan as de corto prazo e as de longo prazo.

AS CONTAS ANUAIS

Existen moitas persoas e institucións que teñen dereito a ter información fiable sobre a marcha da empresa: persoal da empresa, acredores, accionistas, entidades financeiras, etc.

Para garantir que todas elas teñan acceso á información contable, a lei establece que toda empresa deben elaborar e presentar de xeito obrigatorio cada ano os seguintes documentos contables: o **Balance**, a **Conta de Perdas e Ganancias**, o **Estado de cambios no patrimonio neto** e a **Memoria**.

Estes documentos deben depositarse no Rexistro Mercantil, momento a partir do cal calquera persoa pode ter acceso a eles.

O Balance:

É o documento contable que reflicte a situación patrimonial da empresa nun momento dado; é dicir, todos os bens e dereitos de que é titular e tódalas débedas.

Consta de dúas partes: activo e pasivo. En cada parte os elementos patrimoniais están agrupados en masas patrimoniais.

En calquera balance dáse a igualdade entre activo e pasivo, que expresamos mediante a ecuación fundamental do patrimonio:

Total Activo = Total Pasivo

Esta identidade contable constata o feito de que a empresa non pode gastar máis recursos cos que achegaron os seus/súas propietarios/os ou os que obtiveron mediante préstamos.

A análise patrimonial estuda a composición do patrimonio da empresa, o peso relativo de cada elemento patrimonial no conxunto, e a relación que existe entre as masas patrimoniais de activo e pasivo.

Un dos seus obxectivos é determinar se a empresa se encontra nunha situación de equilibrio financeiro, isto é, se ten a capacidade de devolver as súas débedas no prazo previsto.

Podemos detectar dous casos extremos:

- **Situación de máxima estabilidade:** todo o pasivo é non esixible, non ten débedas.
- **Situación de quebra:** caracterizada por un esixible superior ao activo real, cando a empresa non pode pagar as súas débedas nin sequera vendendo tódolos elementos que integran o activo.

Modelo normal de Balance ó peche dun exercicio determinado

ACTIVO	NOTAS DA MEMORIA	200X	200X-1
A)ACTIVO NON CORRENTE			
I. Inmobilizado intanxible 1.Desenvolvemento 2. Concesións 3. Patentes, licenzas, marcas e similares 4. Fondo de comercio 5. Aplicacións informáticas 6.Outro inmovilizado intanxible II. Inmobilizado material 1.Terreos e construcións 2. Instalacións técnicas e outro inmovilizado material 3. Inmovilizado en curso e anticipos III. investimentos inmobiliarios 1. Terreos 2. Construcións IV. Inversións en empresas do grupo e asociadas a longo prazo 1. Instrumentos de patrimonio 2. Créditos a empresas 3. Valores representativos de débeda 4. Derivados 5. Outros activos financeiros V. investimentos financeiras a longo prazo 1. Instrumentos de patrimonio 2. Créditos a terceiros 3. Valores representativos de débeda 4. Derivados			

5. Outros activos financeiros VI. Activos por imposto diferido			
B)ACTIVO CORRENTE			
I. Activos non correntes mantidos para a venda II. Existencias <ul style="list-style-type: none"> • Comerciais • Materias primas e outros aprovisionamentos • Produtos en curso • Produtos terminados • Subprodutos, residuos e materiais recuperados • Anticipos a provedores III. Debedores comerciais e outras contas a cobrar <ol style="list-style-type: none"> 1. Clientes por vendas e prestación de servizos 2. Clientes, empresas do grupo e asociadas 3. Deudores varios 4. Persoal 5. Activos por imposto corrente 6. Outros créditos coas Administracións Públicas 7. Accionistas (socios) por desembolsos esixidos IV. Inversións en empresas do grupo e asociadas a curto prazo <ul style="list-style-type: none"> • Instrumentos de patrimonio • Créditos a empresas • Valores representativos de débeda • Derivados • Outros activos financeiros V. Inversións financeiras a curto prazo <ol style="list-style-type: none"> 1. Instrumentos de patrimonio 2. Créditos a empresas 3. Valores representativos de débeda 4. Derivados 5. Outros activos financeiros VI. Periodificacións a curto prazo VII. Efectivo e outros líquidos equivalentes <ul style="list-style-type: none"> • Tesourería • Outros activos líquidos equivalentes 			
TOTAL ACTIVO (A+B)			

PATRIMONIO NETO E PASIVO	NOTAS DA MEMORIA	200X	200X-1
A)PATRIMONIO NETO			
A-1) Fondos propios <ul style="list-style-type: none"> • Capital • Capital escriturado • (Capital non esixido) • Prima de emisión • Reservas <ol style="list-style-type: none"> 1. Legal e estatutarias 2. Outras reservas • (Accións e participacións en patrimonio propias) 			

<ul style="list-style-type: none"> • Resultados de ejercicios anteriores <ol style="list-style-type: none"> 1. Remanente 2. (Resultados negativos de ejercicios anteriores) • Otras achegas de socios • Resultado do exercicio • (Dividendo a conta) • Outros instrumentos de patrimonio neto <p>A-2) Asustes por cambios de valor</p> <ol style="list-style-type: none"> I. Activos financeiros dispoñibles para a venda II. Operacións de cobertura III. Outros <p>A-3) Subvencións, doazóns e legados recibidos</p>			
B)PASIVO NON CORRENTE			
<p>I. Provisións a longo prazo</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Obrigacións por prestacións a longo prazo ao persoal 2. Actuacións medioambientais 3. Provisións por reestruturación 4. Outras provisións <p>II. Débedas a longo prazo</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Obrigacións e outros valores negociables 2. Débedas con entidades de crédito 3. Acredores por arrendamento financeiro 4. Derivados 5. Outros pasivos financeiros <p>III. Débedas con empresas do grupo e asociadas a longo prazo</p> <p>IV. Pasivos por imposto diferido</p> <p>V. Periodificacións a longo prazo</p>			
C)PASIVO CORRENTE			
<p>I. Pasivos vinculados con activos non correntes mantidos para a venda</p> <p>II. Provisións a curto prazo</p> <p>III. Débedas a curto prazo</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Obrigacións e outros valores negociables 2. Débedas con entidades de crédito 3. Acredores por arrendamento financeiro 4. Derivados 5. Outros pasivos financeiros <p>IV. Débedas con empresas do grupo e asociadas a curto prazo</p> <p>V. Acredores comerciais e outras contas a pagar</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Provedores 2. Provedores, empresas do grupo e asociadas 3. Acredores varios 4. Persoal (remuneracións pendentes de pago) 5. Pasivos por imposto corrente 6. Outras débedas coas Administracións Públicas 7. Anticipos de clientes <p>VI. Periodificacións a curto</p>			
TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A+B+C)			

O Estado de cambios no Patrimonio neto:

O estado de cambios no patrimonio neto informa de tódolos cambios habidos no patrimonio neto derivados de:

- a) o resultado do exercicio da conta de perdas e ganancias
- b) o importe dos ingresos e gastos recoñecidos no patrimonio neto.
En particular, o importe neto do efecto impositivo, dos ingresos e gastos imputados directamente ao patrimonio neto da empresa, relacionados con subvencións, doazóns ou legados non reintegrables outorgados por terceiros distintos ós/ás socios/as ou propietarios/as.
- c) No caso de que a empresa teña ingresos fiscais a distribuír en varios exercicios ou realice unha operación que por aplicación dos criterios contidos no PXC, conleve outros ingresos ou gastos imputados directamente ó patrimonio neto, incorporárase a correspondente fila e columna coa denominación axeitada e cun contido similar ao establecido no apartado anterior.
- d) As variacións orixinadas no patrimonio neto por operacións cos socios/as ou propietarios/as da empresa cando actúen como tales.
- e) As restantes variacións que se produzan no patrimonio neto.
- f) Tamén se informará dos asustes ó patrimonio neto debidos a cambios en criterios contables e correccións de erros.

O modelo de estado de cambios no patrimonio neto correspondente a un exercicio determinado é:

	Notas na memoria		
		200X	200X-1
A) Resultado da conta de perdas e ganancias			
Ingresos e gastos imputados directamente ó patrimonio neto			
I. Por valoración instrumentos financeiros			
1. Activos financeiros dispoñibles para a venda			
2. Outros ingresos/gastos			
II. Por coberturas de fluxos de efectivo			
III. Subvencións, doazóns e legados recibidos			
IV. Por ganancias e perdas actuariais e outros			

asustes			
V. Efecto impositivo			
B) Total ingresos e gastos imputados directamente ó patrimonio neto (I+II+III+IV+V)			
Transferencias á conta de perdas e ganancias			
VI. Por valoración de instrumentos financeiros			
1. Activos financeiros dispoñibles para a venda			
2. Outros ingresos/gastos			
VII. Por coberturas de fluxos de efectivo			
VIII. Subvencións, doazóns e legados recibidos			
IX. Efecto impositivo			
C) Total transferencias á conta de perdas e ganancias (VI+VII+VIII+IX)			
TOTAL DE INGRESOS E GASTOS RECOÑECIDOS (A+B+C)			

A conta de Perdas e Ganancias

A conta de resultados reflicte o **resultado do exercicio**, é dicir, o beneficio ou a perda que a empresa obtivo nun período de tempo determinado. Calcúlase como a diferenza entre os ingresos e os gastos.

A seguinte táboa amosa os diferentes elementos que compoñen a Conta de Perdas e Ganancias correspondente a un exercicio determinado:

	Nota	(Debe)Haber	
		200X	200X-1
A) OPERACIÓNS CONTINUADAS			
<ul style="list-style-type: none"> • Importe neto da cifra de negocios • Variación de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación • Traballos realizados pola empresa para o seu activo • Aprovisionamentos • Outros ingresos de explotación • Gastos de persoal • Outros gastos de explotación • Amortización do inmovilizado • Imputación de subvencións de inmovilizado non financeiro e outras • Exceso de provisións • Deterioro e resultado por enaxenacións de inmovilizado 			
A.1) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11)			
<ul style="list-style-type: none"> • Ingresos financeiros • Gastos financeiros • Variación de valor razoable en instrumentos financeiros • Diferenzas de cambio 			

<ul style="list-style-type: none"> • Deterioro e resultado por enaxenacións de instrumentos financeiros <p>A.2) RESULTADO FINANCEIRO (12+13+14+15+16)</p> <p>A.3) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS (A.1+A.2)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Impostos sobre beneficios <p>A.4) RESULTADO DO EXERCICIO PROCEDENTE DE OPERACIÓN CONTINUADAS (A.3+17)</p> <p>B) OPERACIÓN INTERRUMPIDAS</p> <ul style="list-style-type: none"> • Resultado do exercicio procedente de operacións interrompidas neto de impostos <p>A.5) RESULTADO DO EXERCICIO (A.4+18)</p>			
--	--	--	--

O resultado da empresa é o froito da suma dos resultados da explotación, financeiro e o procedente de operacións interrompidas. Todos son importantes, pero a interpretación que podemos facer da conta de resultados será moi diferente segundo cal sexa a súa incidencia relativa.

- Análise da conta de resultados:

A información contida na conta de resultados é moi valiosa para a empresa. A partir da súa análise é posible determinar aspectos como a orixe dos beneficios ou das perdas e tamén o rendemento que obteñen as/os propietarias/os:

Rendemento financeiro: mide o rendemento que as persoas propietarias da empresa sacan do seu investimento. Calcúlase entre o resultado do exercicio e o pasivo non esixible.

Rendemento económico: mide o rendemento que se obtén dos activos utilizados na produción, con independencia de quen financia o investimento. Calcúlase como o cociente entre o resultado da explotación e o activo.

A memoria:

É o documento contable que completa, amplía e comenta a información contida no Balance.

A información que engloba a memoria é:

- Actividade da empresa
- Bases de presentación das contas anuais
- Aplicación de resultados
- Normas de rexistro e valoración
- Inmobilizado material, intanxible e investimentos inmobiliarios
- Activos financeiros
- Pasivos financeiros
- Fondos Propios
- Situación fiscal

- Ingresos e gastos
- Subvencións, doazóns e legados
- Operacións con partes vinculadas
- Outra información

A mecánica contable:

É o procedemento que permite recoller tódolos feitos susceptibles de ser contabilizados.

O proceso é o seguinte:

- Identificación do feito contable (elementos os que afecta e como cuantificalo)
- Anotación do asento no Libro Diario
- Modificación das contas efectuadas no Libro Maior

As contas. A información relativa a cada elemento patrimonial recollese nunha conta. Representáanse en forma de T , e teñen tres partes diferenciadas:

<i>Debe</i>	<i>Nome da conta</i>	<i>Haber</i>
-------------	----------------------	--------------

Na parte central sitúase o nome da conta(caixa, elementos de transporte...). A esquerda sitúase o Debe e a dereita o Haber.

Existen dous tipos de contas:

Tipo de conta	Que rexistra?	Exemplo
Patrimoniais	Rexistran as variacións que se producen nos elementos que compoñen o Balance e amosan a súa situación nun momento determinado.	Construcións, elementos de transporte, existencias...
De xestión	Os ingresos e gastos que se xeran como resultado da actividade da empresa.	Compras, vendas, impostos...

Os asentos contables:

Son a expresión escrita, no Libro Diario, das operacións contables efectuadas segundo o método da partida dobre e segundo os principios que regulan o funcionamento das contas. Os asentos deben estar numerados e ordenados por datas.

Método da partida dobre: basease nos seguintes principios: en tódolos feitos contables hai unha anotación ou máis no Debe e unha ou máis no Haber; sempre se debe cumprir que a suma das cantidades anotadas no Debe ser igual á das anotadas no Haber.

• Libros contables obrigatorios:

A empresa debe levar, de maneira obrigatoria segundo o Código de Comercio, dous libros contables: o Libro de Inventarios e Contas Anuais e o Libro Diario.

- O Libro Diario: nel anótanse cronoloxicamente os diferentes feitos contables.
- O Libro Maior: non é obrigatorio e emprégase para rexistrar o conxunto de contas que utiliza a empresa, xunto cos cambios que se producen en cada unha delas.